

CIRCULAR 249

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XULLO / AGOSTO 2014

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Evangelina Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 250 de setembro/outubro de 2014,
e sairá a principios do mes de novembro de 2014.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de outubro.

ÍNDICE

- 5 Información Xeral
- 8 Información das Seccións
- 12 Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
- 14 Comisión de Ética e Deontoloxía
- 20 Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia
- 23 Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

Contra o retroceso social, a prol da muller

A conquista de dereitos sociais adoita ter detrás camiños complexos e longos, e unha vez que se conseguen é a nosa obriga velar por que non se produzan retrocesos. No caso da igualdade efectiva entre o home e a muller son moitas as metas que se teñen superado, e malia quedar un longo camiño para erradicar as discriminacións entre os xéneros, vemos como a actual Administración central está a promover reformas prexudiciais para a saúde da muller a través das que se lle pretende conculcar dereitos xa asentados, con argumentos propios da moral ou da relixión católica.

Pendentes de que o goberno central faga efectiva ou non a súa anunciada reforma lexislativa do aborto, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia consideramos que é a nosa responsabilidade social e profesional demandar a retirada dun texto que implica a conculcación dos dereitos individuais das mulleres, e denunciámos que supón un factor de risco para a súas vidas. É esta a principal razón pola que cremos necesario opoñernos a esta nova normativa, pero lamentablemente non é a única. O anteproxecto de lei considera os e as profesionais da saúde mental

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

como xuíces e titores das mulleres, un papel que nin queremos nin debemos consentir, porque supón un retroceso lexislativo e social o feito de que a moral dalguén decida sobre os dereitos das persoas.

A nova norma tamén implicaría a indución de desconfianza por parte da Administración respecto da competencia dos e das profesionais, ao esixir dous informes médicos que recoñezan que existe risco duradeiro ou permanente para a saúde física ou mental da muller avaliada. Ningún deses ou desas profesionais poderían pertencer ao mesmo centro clínico onde se practicaría o aborto nin sería o executor do aborto. Asegúrase así un aval retorcido que non se solicita para ningún outro proceso sanitario, desautorizando os e as profesionais. Pero o que é máis grave: sitúaos diante dun terrible dilema ético, que é sinalar un problema mental «duradeiro ou permanente» que non existe, para que a muller que desexe abortar así o poida facer.

Durante a vixencia da lei de 1985, tamén de supostos, o 96,77% das mulleres que abortaban facíano polo suposto de risco psíquico para a nai. En cambio, coa lei de 2010, na que non se argumentaban razóns, 9 de cada 10 mulleres que abortaron fixérono por decisión propias e tan só o 7,3% o fixo por risco para a saúde. Isto fai previsible que se este anteproxecto de lei entra en vigor, a «enfermidade mental» repuntará como causa na maioría das interrupcións voluntarias do embarazo, coas repercusións que isto terá para a muller: estigmatización social, culpabilización ou consecuencias legais de ser declarada como enferma mental con carácter duradeiro ou permanente.

Ademais, o texto que desde o Colexio rexeitamos de cheo e que contempla á muller como un ser inmaduro e sen capacidade para decidir, contradí as recomendacións sanitarias internacionais na materia. Non esquecemos que hai dous anos, a propia Organización Mundial da Saúde indicaba que eliminar as restricións sobre o aborto repercutía na redución da mortandade causada por prácticas abortivas inseguras. Trátase dunha lei que fomenta a desigualdade, xa que aquelas mulleres que posúan recursos económicos suficientes e desexen abortar, poderán acceder a centros privados ou estranxeiros, mentres as máis desfavorecidas levarán adiante un embarazo non desexado ou recorrerán a prácticas abortivas inseguras.

AVISOS

Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Desde o COPG pedimos manter a actual lexislación, que establece prazos e non supostos, xa que o anteproxecto da Lei de Interrupción Voluntaria do Embarazo implica que a muller perde o dereito a decidir sobre o seu propio corpo e a súa vida, cando ser nai ou non é unha decisión que debe ser estritamente persoal.

INFORMACIÓN XERAL

Relacións institucionais

O 30 de xuño, a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

En representación do Colexio



Fátima López Rodríguez

A tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero, acudiu o 27 de xuño á sesión do Consello Galego de Benestar Social da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica á Mulleres que sofren Violencia de Xénero, e Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa «Abramos o Círculo», asistiron o 8 de xullo a unha xuntanza co coordinador da Unidade de Prevención, Asistencia e Protección en Violencia de Xénero (UPAP) de Lugo.



Mª Jesús López Cernadas

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrada o 14 de xullo en Santiago de Compostela.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ás reunións da Junta de Gobierno e da Junta General do Consejo General de la Psicología, que se celebraron o 28 de xuño en Madrid.



M^a Rosa Álvarez Prada

Aniversario da intervención no accidente do Alvia

Os psicólogos e psicólogas do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia foron recoñecidos coa Medalla de Ouro de Galicia que concede a Xunta de Galicia, pola súa intervención no accidente do tren Alvia o 24 de xullo de 2013. Compartiu esta distinción coas vítimas e persoas afectadas, coa veciñanza de

A decana do COPG xunto cos membros do GIPCE que asistiron a recollida da Medalla de Ouro



Angrois, así como cos demais equipos de profesionais e voluntarios que actuaron na emerxencia. Ao acto de entrega asistiron a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, a coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz e varios membros do Grupo. A continuación, con motivo do aniversario desta intervención, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizou un acto na súa sede no que se proxectou o vídeo que produciu o COPG, e que recolle as experiencias de varios membros do GIPCE que interviñeron no accidente e que se empregará tamén para a formación de futuros profesionais da psicoloxía de emerxencias. Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queremos manifestar unha vez máis que o noso sentir está sempre coas vítimas e coas persoas afectadas, e que confiamos en que consigan a verdade e a xustiza que reivindican.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>. O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <http://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>



Momento da recollida
da Medalla de Ouro



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación prevista

□ O 3 e 4 de outubro terá lugar en Santiago de Compostela o Curso «Apego e psicoterapia». Será coordinado por **Alicia Carballal Fernández**, vogal da Sección de Psicología e Saúde, e impartido por **Elena Rodríguez Borrajo**, directora do gabinete de psicología Alén (Centro de Atención Psicolóxica á Infancia) con ampla experiencia no traballo con menores e familias con dificultades. O curso proporcionará aos asistentes formación nos aspectos teóricos e prácticos máis relevantes sobre a alteración do vínculo de apego tanto en nenos e nenas como en adultos. Para iso farase unha revisión das etapas e alteracións do vínculo de apego, das técnicas para a súa valoración e da abordaxe desde a psicoterapia.

□ As **XIX Xornadas de Psicología e Saúde do COPG** celebraranse os vindeiros 14 e 15 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra. Este ano o tema elixido como eixo central é «**O xénero**», que será analizado en relación coa psicopatoloxía, a sexualidade, a igualdade, a enfermidade e a saúde entre outros. Agardamos poder contar un ano máis coa vosa asistencia e participación.

Curso de formación en psicología sanitaria

□ O pasado 5 de xullo rematou o Curso de formación en Psicología Sanitaria 2014, coordinado por **José Eduardo Rodríguez Otero**, secretario da Sección de Psicología e Saúde do COPG. A través de contidos teóricos como a súa aplicación práctica, dotouse as persoas asistentes das destrezas básicas para o exercicio da profesión da psicología no ámbito sanitario.

INFORMACIÓN DAS SECCIONS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Asistentes ao curso

Lexislación

Lémbrese a obriga de **inscribirse como acreditados para o exercicio de actividades sanitarias no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios**, de acordo ao regulado na disposición adicional sexta da **Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, a todos aqueles que realizan actividades sanitarias e/ou traballan en centros sanitarios**. Asemade, lémbrese tamén a todas as colexiadas e colexiados con consultas propias dedicadas á área da Psicoloxía Sanitaria, **a obriga de inscribir as súas consultas no mencionado Rexistro**.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/psicologia-e-saude>

Desde a Sección de Psicoloxía e Saúde e o COPG estamos a ter reunións con representantes da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia co obxectivo de facilitar ás colexiadas e colexiados estes trámites. Podes atopar máis información no apartado da web <http://copg.copgalicia.org/regulacion-da-psicologia-no-ambito-sanitario>.




SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

A Norma UNE-ISO 10667. Recursos Humanos

Esta normativa internacional traducida e adaptada por iniciativa da Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR) y el Consejo General de Colegios Oficiales de Psicología (COP) estrutura o proceso de **avaliación de persoas en contextos laborais** e sinala as competencias, obrigacións e responsabilidades dos clientes e profesionais. A Fundación Española para la Promoción y el Desarrollo Científico y Profesional de la Psicología (PSICOFUNDACIÓN) en convenio coa Cámara Oficial de Comercio e Industria será a entidade certificadora.

Información:

- AENOR: www.aenor.es
- Consejo General de la Psicología: www.cop.es
- PSICOFUNDACIÓN: www.psicofundacion.es



A División PTORH. Inscripción

A División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) foi creada no 2011 polo Consejo General de la Psicología para unificar a nivel nacional o ámbito profesional.

Pode ser membro da División PTORH calquera persoa colexiada. Na páxina web do Consejo General de la Psicología está depositada toda a información necesaria para presentar a solicitude de incorporación a esta División profesional: www.cop.es/ptorh/



Última reunión da Coordinadora da División PTORH

A Sección PTO do COPG. Grupos de Trabajo.

A Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG invita aos colexiados e colexiadas a formar parte da Sección e a participar nas súas actividades: Seminarios, sesións informativas, encontros, sesións técnicas, cursos e xornadas profesionais.

Respecto a creación para o ano 2015 de novos «Grupos de Trabajo» na Sección, relacionados con temáticas profesionais, queda aberto o prazo de solicitude que finalizará o vindeiro 28 de novembro de 2014. Invitamos aos membros da Sección a presentar iniciativas de cara a formalizar novos Grupos de Trabajo.

AVISOS

Títulos de Licenciatura en Psicología

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de Licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/secciones/trabajo-e-das-organizacions>



AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venda, ou para compartir despachos profesionais.

❑ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

❑ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

❑ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: «Alúgase despacho de psicología a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000».

Enlace ao apartado da Sección de Psicología da Intervención Social da páxina web do COPG: <http://copg.copg Galicia.org/secciones/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Eleccións á División de Psicología da Intervención Social

Nos vindeiros meses terá lugar o proceso de eleccións á Coordinadora da División de Psicología da Intervención Social, División creada polo Consejo General de la Psicología para unificar, a nivel nacional, o ámbito profesional de intervención que lle é propio. As votacións serán por medios electrónicos e poderán participar todas as persoas que pertencen á División.

En datas posteriores á xornada electoral, terá lugar un seminario sobre o perfil profesional de psicología da intervención social en Madrid. Poderá seguirse vía on-line para que nos diferentes debates se poida participar directamente.

Espazo Dialoga

No marco do Espazo Dialoga, que a Sección segue a manter co Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, organízase o II Encontro de Benestar que terá como eixos temáticos a deontoloxía na profesión e as oportunidades laborais na actualidade.

Asemblea de socios e socias

A Sección de Psicología da Intervención Social do COPG está a organizar a Asemblea Xeral de Socios e Socias deste ano 2014 para o mes de novembro. Ao abeiro desta asemblea teremos o III Seminario de Psicología da Intervención Social que levará como eixo temático as adicións.

A información destas actividades será remitida aos socios e socias da sección como de costume.

Lembre que calquera achega enviada a Sección será benvida a través do COPG.

Colexición obrigatoria

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.

Información sobre o exercicio da psicoloxía sanitaria

Lémbrese a todos os colexiados e colexiadas que a partir do 6 de outubro de 2014 aqueles que figuren ou figurasen como persoal dun centro, servizo ou establecemento sanitario de acordo ao regulado na disposición sexta da Lei 5/2011, poderán seguir desempeñando a súa actividade profesional no ámbito da psicoloxía sanitaria sen necesidade de estar en posesión do Título de Especialista en Psicoloxía Clínica ou do Título de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria. Máis información: <http://copg.copgalicia.org/regulacion-da-psicologia-no-ambito-sanitario>

Medalla de Ouro de Galicia

A coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG recolleu o pasado 24 de xullo a Medalla de Ouro de Galicia que lle foi concedida xunto con outros profesionais de emerxencias, vítimas do Accidente do tren Alvia e veciños de Angrois.

Ao acto acudiron en representación do COPG, a decana **Mª Rosa Álvarez Prada**, e en representación do GIPCE a súa coordinadora, **Ana Isabel Martínez Arranz** xunto con outros oito compañeiros e compañeiras membros do Grupo.

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓXICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

Actos do primeiro aniversario do accidente do Alvia

Con motivo desta data, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, organizaron un acto coa fin de recordar o traballo e a emoción vivida neses días. Ao acto asistiron tanto membros do GIPCE como os colexiados e colexiadas que así o desexaron. O acto dou comezo cunha comida para os colexiados e colexiadas intervinientes no accidente o ano pasado. Posteriormente



Momentos do acto

fíxose a presentación e proxección do vídeo editado polo COPG no que se recolle as experiencias dos distintos membros do GIPCE que interviñeron no accidente, e abriuse un espazo para que os compañeiros e compañeiras que o desexasen puideran compartir as súas emocións que esta situación provocou neles. O acto finalizou cunha lectura dun poema da nosa compañeira Concepción Rodríguez Pérez e a entrega por parte da decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, dunha rosa branca as persoas asistentes. A finalización do acto estaba axustada á hora de inicio do convocado polas vítimas e afectados en Angrois, de forma que quen quixera asistir puidera facelo.

Reunións de revisión da intervención do Alvia con outros profesionais

Seguindo coa rolda de reunións cos distintos profesionais de revisión da intervención no accidente do tren Alvia, nestes dous meses realizáronse dúas máis, unha con representantes da Policía Científica o 18 de xullo e outra co Comisario da Policía Xudicial o 12 de agosto. Xunto coa coordinadora do GIPCE, **Ana Isabel Martínez Arranz**, asistiron as membros do GIPCE, **Isabel Vázquez Prado**, á reunión do 18 de xullo, e **Aurora Rozadilla Arias**, a do 12 de agosto.

A finalidade das dúas foi detectar os aspectos da intervención e da coordinación conxunta que funcionaron correctamente e os aspectos que teríamos que modificar e mellorar de cara a outra situación destas características.

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/gipce>

Imparcialidade

Nun contexto social que presenta importantes niveis de conflito e diferentes formas de disputa entre os seus integrantes, é cada vez máis frecuente recorrer á Xustiza como unha forma de dirimir os desacordos. O recurso a este tipo de opcións de solución competitiva, onde un gaña e outro perde, sitúa as e aos cidadáns a miúdo nunha posición extremadamente crítica coas características dos procedementos que se empregan para dirimir as disputas nas que se ven envoltos.

Cando cuestións como estas, de orde xurídico-legal, requiren a atención profesional do psicólogo, como por exemplo no caso de disputas no contexto da familia, a imparcialidade cobra relevancia como un elemento crucial da actuación profesional¹. A súa importancia como un elemento clave estriba en que as persoas usuarias dos servizos prestados polo psicólogo ou psicóloga parecen identificar a imparcialidade cun indicador de calidade, dunha intervención xusta e respectuosa cos seus dereitos e as súas necesidades como parte implicada no conflito. Por outra parte, estes mesmas persoas usuarias móstranse tamén extremadamente sensibles ante a ausencia desta calidade, xa se soe percibir, como un elemento de mala praxe, causante dos resultados adversos dos procesos nos que se resolven os seus intereses.

O artigo 15 do Código Deontolóxico do/a Psicólogo² recolle a importancia da imparcialidade como unha característica da actividade profesional ante situacións de contraposición de intereses. Sen embargo, como en moitos outros casos no vixente Código, o concepto de imparcialidade é tratado dun modo sumamente impreciso. De algún modo, pártese dunha situación na que a imparcialidade é un ideal, tanto conceptualmente como desde o punto de vista dun nivel de calidade óptima a acadar nas actuacións profesionais³.

Non obstante e dada a ambigüidade con que se presenta o termo de imparcialidade desde un punto de vista deontolóxico, parece conveniente propoñer un esforzo para outorgarlle un contido que permita determinar en qué situacións pode observarse a súa presenza. Esta necesidade de concreción, extensible a todos aqueles principios e valores de interese ético e deontoló-

¹ En certo modo o asunto foi tratado xa con anterioridade na Circular Informativa N° 230 do COPG (maio-xuño 2011).

² Artigo 15°. Cando se atope diante de intereses persoais ou institucionais contrapostos, procurará o/a psicólogo/a realizar a súa actividade con máxima imparcialidade. A prestación de servizos nunha institución non exime da consideración, respecto e atención ás persoas que poidan entrar en conflito coa institución mesma e das cales o/a psicólogo/a, naquelas ocasións en que lexitivamente proceda, haberá de facerse valedor ante as autoridades institucionais.

³ Unha das mellores definicións de imparcialidade que puidemos atopar no noso contexto profesional corresponde á recollida nun dos documentos de referencia no campo como a Guía de Boas Prácticas para a elaboración de informes psicolóxicos periciais sobre custodia e réxime de visitas de

xico, pode ser maior neste caso, se cabe, xa que esta calidade móstrase especialmente sensible á desviación a causa de sesgo e intereses espurios.

O termo imparcialidade remítenos con facilidade a outros conceptos cos que se atopa relacionado polo seu significado e cuxa relación semántica podería representarse tanto directa como inversamente. Así teríamos, dun lado, ideas coas que se comparte proximidade de significado como por exemplo xustiza, equidade, neutralidade, igualdade, independencia... Por outra parte, ao contrario, significados opostos suxírennos outras ideas como conflito, litixio, interese, prexuízo, discriminación... Esta especie de dialéctica por medio da cal se toma en consideración un valor e o seu contrario, creemos que puidese resultar útil para a reflexión e a obtención de criterios que poida axudar a orientar a nosa práctica profesional dun modo máis eficaz e responsable. Teríamos, deste modo, que a imparcialidade se manifestaría ante a ausencia de parcialidade, así como á inversa. Polo tanto, non só é posible representarnos un valor ante os fenómenos que nos sinalan a súa presenza, senón tamén ante a ausencia do seu contrario. Esta é en esencia a concepción que subxace aos plantexamentos da «ética de mínimos», sinalando o límite da mala praxe, e da «ética de máximos», poñendo o foco na boa praxe. Este plantexamento é o que recolle nos documentos técnicos coñecidos como «Guías de boas prácticas» nos que se soen recoller suxestións tanto dun tipo como doutro. É dicir, preséntanse ideas sobre qué facer e sobre qué evitar.

Neste sentido cabería entón plantexarse unha aproximación adicional á operacionalización da imparcialidade, recorrendo á reflexión acerca de elementos diferentes e aínda contrapostos.

Un destes elementos ben podería ser aquel que nos remite unha postura de obxectividade. Manter unha conexión prioritaria cos feitos fronte a outro tipo de fenómenos máis subxectivos e, polo tanto, susceptibles dalgún tipo de sesgo (opinións, crenzas, simpatías...) puideran ser un criterio que minimice os riscos de prexuízo e favoreza a imparcialidade. Así mesmo, o recurso a criterios estables de proceder; por exemplo, a nivel metodolóxico, tamén puidera apoiar a presenza da imparcialidade en canto que se evitarían tratos diferenciados por razóns inapropiadas. Visto

menores (COP Madrid, 2009):
«Imparcialidade significa proporcionalidade e non exclusión na escoita, a observación e a experimentación da variada serie de estímulos relevantes na interacción do menor co seu entorno parental e social» (páx. 17).

desde un prisma de independencia, a imparcialidade suxeriría a resistencia ante a presión ou influencia (tanto directa como indirecta) sobre os cursos de acción a tomar ou sobre o modo de desenvolver a práctica profesional. Neste sentido podería sinalarse que a profesión cunha axeitada competencia profesional é seguramente menos sensible aos intentos de influencia que un profesional non competente, que non sabe ben que ten que facer, o cal lle faría máis alcanzable aos intentos de influencia que puidesen derivar nunha mala praxe.

A idea de xustiza é unha das máis controvertidas e difíciles de abordar. Persoalmente e como cidadáns e cidadás podemos atoparnos sensibilizarnos ante situacións inxustas que poden facernos sentir chamados a actuar para acadar a súa reparación. A indignación que podemos sufrir ante situacións de desigualdade, de abuso, incluso de violencia, pode levarnos a tomar partido pola persoa máis débil, o máis vulnerable, a prexudicado. Estas situacións humanamente comprensibles levaríannos, literalmente, a tomarnos a xustiza pola nosa man, incorrendo nun posicionamento previo (literalmente, un pre-xuízo) que nos apartaría do ideal profesional de imparcialidade. Trataríase no tanto de realizar actuacións profesionais dirixidas a restablecer a xustiza, tratando de suprimir activamente as inxustizas, desmans e desigualdades, senón de realizar intervencións xustas no sentido da súa proporcionalidade. Este equilibrio podería considerarse, por exemplo, desde o punto de vista da prestación dun servizo equitativo e beneficiante ás diferentes partes involucradas⁴. Un equilibrio cuxa presenza se correspondería con apreciacións profesionais que permitan coñecer axeitadamente ás partes, as situacións nas que estas se desenvolven e a relación existente entre todas elas⁵.

A consideración de que nas ocasións nas que profesionalmente se require imparcialidade existen «partes», levamos a entender que estas partes con frecuencia poden resultar favorecidas ou prexudicadas nos seus intereses como consecuencia das actuacións profesionais que se poden levar a cabo. Así, a parcialidade, e dicir, a ausencia de imparcialidade, evidenciaríase tamén ante a disposición previa das actuacións profesionais a favor ou en contra dalgunha desas «partes». O concepto de parte ven a

4 «Calquera avaliación sobre a idoneidade dos proxenitores para exercer a garda e custodia dos/as fillos/as debe partir do criterio de que ambos son igualmente competentes para o seu exercicio» (Óp. cit. páx. 4).

5 «Un informe que non presente unha información válida e fiable de cada un dos membros da familia, e da relación de cada membro cos demais compoñentes, non poderá ser considerado un informe pericial válido sobre temas de custodia» (Ibidem, páx. 8).

miúdo asociada a determinadas actuacións profesionais iniciadas por impulso e interese dunha desas partes a favor do propio e en contra de terceiros.

O interese preséntase como un dos conceptos fundamentais no intento de concretar o ideal de imparcialidade. Vimos como o interese lexítimo das diferentes partes pode determinar ou influír por medio de diferentes medios as actuacións profesionais.

Sen embargo, o propio interese do profesional (tamén lexítimo, por suposto) de poder obter unha retribución polo seu traballo, sitúa a cuestión nun punto crítico. Aquí coinciden os intereses dunha das partes que de algún modo se vinculan, por medio do contrato profesional, cos intereses do propio profesional quen obterá un proveito lexítimo da súa actividade. Este interese pode mostrarse en contradición co desinterese que dalgún modo se supón asociado á imparcialidade ou ao recto proceder e designio ao que aluden algunhas definicións⁶.

Á parte que contrata lle interesa, a través do traballo e coñecementos do profesional contratado, demostrar ou facer valer a súa posición para obter o beneficio que espera (ou evitar o prexuízo) coa resolución de litixio. Ao profesional interésalle acadar a retribución pactada coa parte por dispoñer do seu traballo e coñecementos. O risco de deslizamento entre os intereses dun e de outro é evidente, aínda non debiera ser así. A confluencia de intereses na relación entre o profesional de parte e o cliente que lle contrata puidera parecer sospeitosa e favorecedora desas disposicións previas para o beneficio desa parte (ou o prexuízo da outra, coa que probablemente se hai algunha dificultade de compatibilidade). Pénsase se non en que lugar quedaría a imparcialidade requirida a un profesional se o seu cliente non resultara beneficiado a consecuencia directa do informe solicitado e pagado a ese profesional que contratou. Non digamos se este cliente puidera resultar prexudicado nos seus intereses por dita actuación profesional. Este interese que puidera confluír entre o profesional e a parte que lle contrata chama poderosamente a atención por canto é un dos piares sobre os que se senta a protección da independencia e a imparcialidade. Instrumentos formalizados para a protección destas calidades, como son os réximes de incompatibilidade, buscan eliminar a presenza deses

⁶ Cf. Dicionario da Real Academia Española.

conflitos de interese que puideran establecer motivos para a recusación e a abstención do profesional: o vínculo familiar, o interese económico e a amizade ou inimizade manifestas.

Existe o risco de que, ante esta conxunción de intereses que conflúen por un lado e se contrapoñen aos da outra parte, dea a impresión de que a actuación profesional foi parcial a favorecer os intereses dunha e prexudicar os intereses da outra. Por esta razón e neste tipo de situacións parece conveniente extremar as precaucións que nos leven a maximizar non só a imparcialidade senón tamén a súa aparencia⁷. É dicir, impulsar aquelas situacións, actitudes, actuacións, etc. que permitan asegurar a independencia de criterio na actuación profesional.

Estas posibles limitacións –e aínda que a dúbida puidera ofender– debería obrigarnos a que a independencia e falla de interese inaceptables foran observadas co máximo empeño e claridade. Noutro caso, quizais debería valorarse a posibilidade de rexeitar o encargo profesional.

⁷ A muller de César (non só debe ser honrada, senón parecelo). Plutarco: Vidas paralelas V-10.

Artigo 6º

A profesión de Psicólogo/a réxese por principios comúns a toda deontoloxía profesional: respecto pola persoa, protección dos dereitos humanos, sentido de responsabilidade, honestidade, sinceridade para cos clientes, prudencia na aplicación de instrumentos e técnicas, competencia profesional, solidez da fundamentación obxectiva e científica das súas intervencións profesionais.

Artigo 15º




Cando se ache diante de intereses persoais ou institucionais contrapostos, procurará o/a Psicólogo/a realiza-la súa actividade con máxima imparcialidade. A prestación de servizos nunha institución non exime da consideración, respecto e atención as persoas que poidan entrar en conflito coa institución mesma e das cales o/a Psicólogo/a, naquelas ocasións en que lexitimamente proceda, haberá de facerse valedor ante as autoridades institucionais.



*Enlace ao apartado da
Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina
web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>*

CIRCULAR

INFORMATIVA



Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Información Comisións

Información Grupos

Comisión de Ética e Deontoloxía

Actividades culturais

Últimos Colexiados/as

Código Deontolóxico

Publicacións-Biblioteca

Avisos

Cursos, Xornadas e Congresos



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIONES
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Tel: 986 295 621

KARMA

Tel: 986 471 439

www.formacioncambio.com

psicoestudio@psicoestudio.com

karmapsicologia@mundo-r.com

Grupos reducidos

Seminarios con especialistas

Prácticas in vivo supervisadas

Horarios e contidos adaptados

ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso

Celia Cameselle Taboada

José Antonio Muñiz Torrado

Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García

(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)

José Luis Rodríguez-Arias Palomo

(Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)

**ÚLTIMOS
COLEXIADOS
E COLEXIADAS
DE GALICIA**

G-4332	ENRIQUE	DELGADO ZAYAS
G-4497	LORENA	GARCÍA BARBOSA
G-4872	ELISA	FERNÁNDEZ AGULLO
G-4879	ANDREA	GARCÍA LÓPEZ
G-5116	MARTA	ARBONES NOGUEIRA
G-5117	EUSENDA	CASABELLA VANCRAVELYNGHE
G-5118	ROCÍO	LÓPEZ FREIRE
G-5119	MARÍA CRISTINA	SÁNCHEZ ESTÉVEZ
G-5120	CRISTINA	CAMPELLO ARES
G-5121	RAQUEL MARÍA	LAREDO FERNÁNDEZ
G-5122	PALOMA	GARCÍA-ALIENDE FERRO
G-5123	AMANDA	ROUX LENDOIRO
G-5124	JAVIER	PENSADO MALLEU
G-5125	VANESA	PARADA ALFAYA
G-5126	MARÍA	PICOS RUBIDO
G-5127	BELÉN	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
G-5128	ANA	MARTÍNEZ PEREIRA
G-5129	DAVID	ESPERÓN FONTÁN
G-5130	MARÍA LUISA	GARCÍA NEIRA
G-5131	LUR	DÍAZ GAZTELUMENDI
G-5132	BELÉN	MANZANO MÉNDEZ
G-5133	ZOA MARÍA	NAVARRO MARTÍNEZ
G-5134	ANA MARÍA	GARCÍA POLO
G-5135	RODRIGO	ALONSO COSTAS
G-5136	MACARENA	BLANCO DELGADO
G-5137	NATALIA	GUEDELLA SEBASTIÁN
G-5138	ADRIANA	POMARES ARAGUNDE
G-5139	CARINA	CARBIA SINDE
G-5140	ROSA MARÍA	GARCÍA DOPAZO
G-5141	YOLANDA	GARCÍA VILLAR
G-5142	MARTA	ARAUJO MONTERO
G-5143	JOSÉ LUIS	CARRIL BOBILLO
G-5144	LUCÍA	ÁLVAREZ MORGADE
G-5145	MARÍA	LODEIRO FERREIRO
G-5146	ANDERE	GONZÁLEZ RICOY
G-5147	PABLO	LINARES LOBÓN
G-5148	ANA	PEREIRA VARELA
G-5149	BRUNO	RODRÍGUEZ NOVOA
G-5150	NATIVIDAD	TORRES SALAZAR
G-5151	NOELIA	GARCÍA BOO
G-5152	NATALIA	GARCÍA ALONSO
G-5153	SONIA	VILLANUEVA NEIRA

G-5154	JOSÉ ANTONIO	EXPOSITO PICALLO
G-5155	YANET	ESCOBAR SEOANE
G-5156	REBECA	ANDRE ESTÉVEZ
G-5157	MARTA	JUSTO RODRIGUEZ
G-5158	VALENTÍN	VARELA VALINO
G-5159	MARIAN	GAGO GARCÍA
G-5160	EVA	GÓMEZ DIAGO
G-5161	DAVID	GONZÁLEZ PLATS
G-5162	FABIÁN	GARCÍA CALVO
G-5163	EMMA	CUESTA FERNÁNDEZ
G-5164	PAULA	LÓPEZ BALDOMIR
G-5165	CATARINA	MOJÓN GONZÁLEZ
G-5166	BEATRIZ	MÉNDEZ MOSQUERA
G-5167	XULIA UXÍA	DOMÍNGUEZ FUENTES
G-5168	MARIA	PAZOS CALVO
G-5169	LETICIA	BARCIELA ESCUDERO
G-5170	CRISTINA	TEJEDOR PALAU
G-5171	ALBA	FEIJOO ARTACHO
G-5172	LAURA	VÁZQUEZ VÁZQUEZ
G-5173	MARTA	BLANCO PÉREZ
G-5174	ROCIO	MALLO CAAMANO
G-5175	GENARO	SOUTO PÉREZ
G-5176	SHEILA	CANOSA FONTÁN
G-5177	DANIEL	GONZALO IGLESIAS
G-5178	SONIA	MONDRAGÓN CALDAS
G-5179	SARAY	BONET SOAGE
G-5180	IRENE	HERRANZ VÁZQUEZ
G-5181	ISABEL	MONTOTO MEDELA
G-5182	YOHANNA	GIL CUNA
G-5183	MARGARITA ANA	DÍAZ-ALCAZAR DÍAZ
G-5184	IRIA	CARNOTO FIGAL
G-5185	LINA	RODRIGUEZ OTERO
G-5186	SONIA	PORTO LÓPEZ
G-5187	ALOIA	LEMA TILVE
G-5188	JOSÉ	PICHER FONTAO
G-5189	CRISTINA	GONZÁLEZ-ALEGRE CENICEROS
G-5190	MARIAN	MARTÍNEZ BARCIA
G-5191	CRISTINA	MARTÍNEZ BERNARDEZ
G-5192	GEMMA Mª	BOUZAS PÉREZ
G-5193	Mª VERÓNICA	JULIÉN PÉREZ
G-5194	MARIA	ALONSO FERNÁNDEZ
G-5195	ALFONSO	BALO SALGADO

SERVIZOS A COLEXIADOS E COLEXIADAS

www.copgalicia.es

PUBLICACIÓNS

- ❑ Circular Informativa
- ❑ Cadernos de Psicoloxía
- ❑ Papeles del Psicólogo
- ❑ Infocop
- ❑ Memoria

PROFESIÓN

- ❑ Quenda Informes Periciais
- ❑ Privado. Solicitude atención psicólogos/as
- ❑ Publicidade
- ❑ Distribución de ofertas formativas

EMPRÉSTITO DE MATERIAL

Material de avaliación psicolóxica

FONDOS DOCUMENTAIS

- ❑ Servizo de biblioteca (COPG)
- ❑ Convenio coa biblioteca da Facultade de Psicoloxía da USC
- ❑ PSICODOC

INTERNET

- ❑ Conta de correo electrónico e acceso a través do servidor do COPG
- ❑ Páxina web do COPG

PROTEXDAT

Convenio en relación a servizos de consulta en cuestión de protección de datos de carácter persoal

ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados e colexiadas de asesoría fiscal e xurídica

FORMACIÓN – EMPREGO

- ❑ Programa formativo anual COPG
- ❑ Información laboral
- ❑ Información de convocatorias de oposicións

S-4 CORREDURÍA DE SEGUROS

- ❑ Desconto 50% no seguro de automóbil para colexiados e colexiadas e os seus familiares

SEGUROS MAPFRE

- ❑ Seguro de asistencia sanitaria para colexiados e colexiadas e as súas familias MAPFRE-Caja Salud
- ❑ Seguro colectivo de vida/accidentes para colexiados e colexiadas

CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER'S 88

- ❑ Pólizas de seguro de responsabilidade civil profesional colectivo (Zurich)
- ❑ Seguro de asistencia sanitaria (ASISA)

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos.

Podedes consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO «APEGO E PSICOTERAPIA»

Datas: 3 e 4 de outubro de 2014.

Lugar: Santiago de Compostela.

Docente: M^a Elena Rodríguez Borrajo.

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

CURSO «AVALIACIÓN E REHABILITACIÓN DA ATENCIÓN E AS FUNCIÓNS EXECUTIVAS: CASOS PRÁCTICOS»

Datas: 17 e 18 de outubro de 2014.

Lugar: A Coruña

Docente: Jorge Bajo Lema

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

XIX XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

«XÉNERO E IDENTIDADE: OLLADAS DESDE A CLÍNICA»

Datas: 14 e 15 de novembro de 2014.

Lugar: Pontevedra

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protextdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia



HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9:00 a 14:00 h
e de 16:00 a 21:00 h, e os venres
de 9:00 a 14:00 h

Verán

Do 1 de xuño ao 15 de xullo

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,
martes de 17.00 a 21.00 h

Do 16 de xullo ao 31 de agosto

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Do 1 ao 30 de setembro

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,
martes de 17.00 a 21.00 h

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **Linkedin:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicólogos

2014 POLA PSICO LOXÍA